



Resolución pola que se publica o resultado da oitava edición dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

Mediante a Resolución do 1 de xuño de 2017 convocouse a oitava edición dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e aprobáronse as súas bases reguladoras (DOG nº 110, do 12 de xuño).

Para financiar esta convocatoria existía un crédito de 80.000 € que se imputou ás contas orzamentarias 13 A1 712A 770.0 e 13 A1 712A 781.0.

O artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, dispón que o órgano concedente publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas.

De acordo co anterior,

RESOLVO

Publicar no Diario Oficial de Galicia o resultado da oitava edición dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, convocada por Resolución do 1 de xuño de 2017.

ANEXO

Premio	Beneficiario	Finalidade da subvención	Importe
1º	Asociación Amicos	Centro de día da asociación Amicos	25.000 €
2º	Fabián Marcelo Calandria López	Vivenda comunitaria para maiores	15.000 €
3º	Federación Galega de Alzheimer	Programa "rede paraugas alzheimer"	12.000 €
4º	Lary A Cabaniña, S.L.	Establecemento de turismo rural	8.000 €
5º	Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón	Museo etnográfico	5.000 €
Mozos/as	Banda de música xuvenil de Xinzo	A música, factor de desenvolvemento socio-económico na comarca do Condado	15.000 €

Santiago de Compostela
O director xeral da Agader

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

